



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGAO
DA SOCIEDADE GALEGA DE PUBRICACIÓS "NÓS,"

Ano I

Ourense 30 Outono 1920

Núm. 1

PRIMEIRAS VERBAS



*Pra ledicia de todos e pra enseño de moitos, sai
oxe Nós.*

*É a ansia qu' oxe sinte Galizia de vivir de novo,
de voltar ó seu ser verdadeiro e inmorrente, a evi-
dencia lumiosa do mañán, o que nos fai sair. Temos
unha fe cega, asoluta, inquebrantabel na vitalidade
e no xenio da nósra Raza, e mais na eficacia do nóso
esforzo pra levala ó acomprimento do seu fado gro-
rioso. Oxe chegou á vida na nósra Terra, unha xeneración que se deprocatou do
seu imperioso deber social de crearen pra sempre a cultura galega. Endexamais
foi meirande a nósra autividade creadora. Nós ven a recoller todos ises esforzos
d' integración da Patrea galega no seu xa rico polimorfismo.*

*Os colaboradores de Nós poden ser o que lles pete: individualistas ou
socialistas, pasatistas ou futuristas, intuicionistas ou racionalistas, naturistas
ou humanistas; pódense pór en calquera das posicións posibles respecto das
catro antinomias da mente contemporánea; poden ser hastra clásicos, con tal de
que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza, o desexo coleitivo
de superación, a orgullosa satisfaição de seren galegos.*

Nos ha ser un estudio piedoso e devoto, cheo de sinceridade. de todol-os

valores galegos: dos nósos valores tradicionáls, e mais dos valores novos que cada día estanse creando na nósra Terra.

Nós ha ser a repersentación no mundo da persoalidade galega na sua ansia de s' afirmare coma valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fora da Terra.

Nós ha ser a afirmación pra sempre do verdadeiro ser de Galizia, do Enxebrismo, no que ela tén, debe e quere persistire. O Enxebrismo é a nósra orixinalidade específica, a nósra capacidá de creación, o nósro autóctono dinamismo mental.

Querendo suprimir entremediarios antr' o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, Nós abre as suas páxinas a prestixosas persoalidades estranxeiras que contan de nos honrar co' a sua colaboración e tamén ha informar ó púbrico galego do movemento das ideas no mundo civilizado.

Nada mais.

E, ós que s' asombren da nósra confianza, da nósra firme ledicia ó principiar un traballo rudo, hémoslle dicir que temol-a evidencia de sermol-os millores, os mais doados, os mais fortes; de que total-as forzas do esprito están conosco, de que imos trunfar por sermos nós, por sermos galegos, e por seren o Tempo e o Mundo os que o piden...

Nós conta achar 'agarimo e xenerosa axuda en todol-os que sintan d' iste xeito.

A todol-os que nos lean

SAÚDE E TERRA.

